



## UNIDADE 12

# Unha vida de película

Remita os seus estudantes á páxina 97. Lea en voz alta o título da unidade e pregúntelles: **Cando dicimos isto?** Escoite as súas respostas e despois chame a súa atención sobre a fotografía da portadiña. Pídalles que digan en que contexto se tomou a imaxe (nunha rodaxe) e que persoas pensan que son as que aparecen. Acepte respostas como **director, actores, cámara, director de fotografía...** Comente despois que a imaxe foi tomada na rodaxe da película *O lapis do carpinteiro*, dirixida por Antón Reixa.

Adiante que o cine será un dos temas da unidade e presente a tarefa final: escribir unha biografía imaxinaria.

# Unha vida de película



comprender

## 1. CONVERSAS DE CINE

**Achegarse ás figuras de catro personalidades do cine galego. Dicar se unha serie de datos son verdadeiros ou falsos.**

### ANTES DE EMPEZAR

Interésese por saber se os seus alumnos e alumnas son afeccionados ao cine, se van con frecuencia, se hai algún director/a ou actor/actriz que lles guste especialmente... Se vostede traballa con alumnos e alumnas galegas, é probable que coñezan as personaxes que aparecen nesta actividade: **Miguelanxo Prado, Mabel Rivera, Margarita Ledo Andiñón e Chano Piñeiro**. Pídalles que, en parellas, anoten todo o que saiban sobre cada unha delas. Despois de traballar os puntos A e B, porán en común o que escribiron.

### PROCEDEMENTOS

**A.** Dígalles aos seus alumnos e alumnas que van escoitar catro conversas nas que se fala de catro persoaxes relacionadas co mundo do cine en galego. Teñen que escribir o número da conversa correspondente ao lado de cada un dos nomes.

### Solución

1. Chano Piñeiro.
2. Mabel Rivera.
3. Margarita Ledo Andiñón.
4. Miguelanxo Prado.

**B.** Anuncie que vai poñer de novo as gravacións e que, agora, teñen que marcar se cada un dos datos referidos ás personaxes anteriores son verdadeiros ou falsos segundo o que se di delas.

### Solución

1. Falso, 2. Falso, 3. Falso, 4. Falso,
5. Verdadeiro, 6. Falso

## 2. LUÍS TOSAR

**Falar sobre Luís Tosar. Ler a súa biografía e escribir os datos máis relevantes da súa vida.**

### ANTES DE EMPEZAR

Móstrelles aos seus estudantes a imaxe de Luís Tosar que acompaña a biografía e preguntélles se saben que ten na man: de maneira xenérica acepte **premio** como resposta, aínda que, de ser necesario, aclare que se trata dun **premio Goya**, o galardón de cine máis importante que se outorga en España.

### PROCEDEMENTOS

**A.** Comente cos seus estudantes que Luís Tosar é o actor galego de cine máis coñecido. Pregúntelles se saben

algo sobre el e se viron algún dos seus filmes. A seguir, pídalles que lean a súa biografía e todos os datos que se proporcionan sobre o actor.

**B.** Despois da lectura, pídalles que formen grupos de tres e que, sen mirar o texto, intenten recordar os datos máis importantes da vida de Tosar, os que corresponden aos momentos que aparecen no libro.

### Solución

- En 1971 naceu.
- En Santiago estudou Historia e frecuentou o mundo do teatro.
- En 1998 interpretou a Andrés Domínguez na serie Mareas vivas.
- En 2002 traballou en Os luns ao sol, polo que obtivo un Premio Goya.
- En 2003 protagonizou o filme Te doy mis ojos.
- En 2006 dou o salto a Hollywood e interpretou un narcotraficante no filme Corrupción en Miami.

Para rematar, anímeos a comentar aqueles aspectos da vida de Tosar que máis lles chamaron a atención ou que descoñecían.



explorar  
e reflectir

## 3. UN CURRÍCULO

**Ler un currículo e completar unhas frases.**

### OBSERVACIÓNS PREVIAS

Nesta actividade trabállase como relacionar acontecementos do pasado e falar da duración.

### ANTES DE EMPEZAR

Interésese por saber se os seus estudantes escribiron algunha vez un currículo. Pídalles que expliquen que tipo de información contén e como se ordena.

### PROCEDEMENTOS

Pídalles agora que completen as frases con **xa** e **aínda non**. Pídalles que lean individualmente o currículo de Lucía Ferro e que, a seguir, completen as frases que aparecen debaixo. Se lle parece necesario, remita os seus alumnos e alumnas aos puntos "Relacionar acontecementos do pasado" e "Falar da duración" da páxina de gramática.

Permítalles comparar as súas respostas cun compañeiro ou compañeira antes de realizar unha posta en común.

### Solución

1. Estudou na Universidade de Santiago de Compostela de 1995 a 2000.
2. Chegou a Cambridge en 1996 e ao ano seguinte volveu a Santiago.
3. Traballou como profesora de inglés durante dous anos.

4. Comezou a carreira en 1995 e cinco anos despois concluíuna.

5. Traballou como tradutora nunha editorial de Vigo ata 2002.

6. Traballa como tradutora na ONU dende 2002

### E DESPOIS

Pode pedirles aos seus alumnos e alumnas que escriban o seu currículo (ou un inventado) nunha folla solta a partir do modelo do libro. Déalles uns minutos e axúdeos no necesario. Logo, recolla os papeis e repártaos procurando que a ninguén lle toque o seu. Pídalles que escriban frases relacionando acontecementos pasados ou falando da duración.

Faga por último unha posta en común na que cada un le as frases que escribiu sen dicir o nome da persoa. Os demais intentarán dicir a quen se refire a información.

### MÁIS EXERCICIOS

Páxina 126, exercicios 1, 2 e 3.

Páxina 127, exercicio 6.

## 4. MISTERIO NO PARQUE

**Ler unha conversa e observar o contraste no relato entre o pretérito e o copretérito.**

### OBSERVACIÓNS PREVIAS

Ata agora, no libro só se presentaron usos illados do pretérito e do copretérito. Nesta actividade preséntase por primeira vez o contraste no relato entre os dous tempos. Se os seus estudantes xa están familiarizados co uso similar de tempos verbais noutras linguas, detéñase o xusto na fase de reflexión da actividade.

### ANTES DE EMPEZAR

Pode recordarles aos seus estudantes que na actividade Escriba no encerado o título da actividade e pregúntelles aos seus estudantes a que lles soa. As respostas esperables farán referencia a unha historia de misterio (un libro, unha película...).

### PROCEDEMENTOS

**A.** Dígalles aos seus alumnos e alumnas que van intentar resolver un misterio. Pídalles que lean a conversa na que Santi lle conta a un amigo algo estraño que lle ocorreu recentemente e que, cun compañeiro ou compañeira, lle traten de atopar unha explicación ao sucedido.

**B.** A continuación, pídalles que lean o texto de novo e que marquen de maneira diferente os dous tempos do pasado que aparecen na narración anterior.

**C.** Para rematar, invíteos a reflexionar sobre o uso dos dous tempos verbais. Para iso, pídalles que se fixen nos exemplos recollidos neste punto e que decidan se cada un dos verbos presenta a información como un feito que fai avanzar a acción ou ben se dá información sobre as circunstancias ou o contexto no que ocorren as accións.

Déalles tempo para facelo. O resultado debe ser que os verbos en pretérito contan os feitos e fan progresar a acción, mentres que os que están en copretérito describen as circunstancias nas que ocorren os anteriores. Pode remitir os seus alumnos e alumnas, se o considera necesario, á epígrafe “Pretérito/copretérito” da páxina de gramática.

### E DESPOIS

Propóñalles aos seus estudantes ordenar unha anécdota que lle ocorreu a unha muller chamada Irene. Para iso, fotocopie as tarxetas que aparecen na **ficha 17** e recórteas. Déalle un xogo de tarxetas a cada parella de estudantes e pídalles que as repartan: cada un debe ter tarxetas diferentes (con fondo gris e sen fondo). Teñen que ordenar a historia (indícase o principio e o final) sen mirar as tarxetas do compañeiro.

### MÁIS EXERCICIOS

Páxina 127, exercicio 6.

Páxina 128, exercicios 7 e 8.

## 5. ESTABA CHOVENDO E...

**Chegar a conclusións sobre o uso da estrutura estar + xerundio en pretérito e en copretérito.**

### OBSERVACIÓNS PREVIAS

Se o considera necesario, aclare que a estrutura **estar + xerundio** serve para lle dar un sentido de progreso ou desenvolvemento á acción. Sinala tamén que **estar + xerundio** en pretérito adoita ir acompañado pola duración explícita da acción, cousa que non acostuma a pasar con **estar + xerundio** en copretérito.

### PROCEDEMENTOS

Pídalles que lean as frases e que traten de determinar por que nunhas se usa o verbo **estar** en pretérito e noutras en copretérito. Estimule primeiro a reflexión individual e invíteos despois a comentar as súas ideas cun compañeiro ou compañeira.

Déalles uns minutos antes de pasar á posta en común. Conclúa dicindo que o verbo **estar + xerundio** vai en pretérito cando queremos presentar a información como unha acción, mentres que cando queremos facer referencia ás circunstancias ou describir o contexto no que sucede unha acción, **estar + xerundio** aparece en copretérito. Para rematar, pode remitir os seus estudantes ao punto “**Estar + xerundio no pasado**” da páxina de gramática e comentar os exemplos proporcionados.

### MÁIS EXERCICIOS

Páxina 127, exercicio 5.

### E DESPOIS

Pode propoñerles aos seus estudantes, como deberes voluntarios, que escriban un correo electrónico coma os de Sabela, no que valoren experiencias, lugares ou persoas.

# Unha vida de película



practicar  
e comunicar

## 6. UNHA HISTORIA DE AMOR

**Ordenar unha historia e escribir un final.**

### ANTES DE EMPEZAR

Pregúntelles aos seus estudantes se lles gustan as películas ou as novelas de amor e se viron ou leron algunha recentemente. Pregunte: **Como acaban as historias de amor na ficción? Parécense á vida real?** Fomente a discusión animándoos a poñer exemplos de películas ou libros concretos.

### PROCEDEMENTOS

**A.** Explíquelles aos seus alumnos e alumnas que os debuxos que aparecen no libro ilustran a historia de amor entre Rosa e Alexandre, pero que están desordenados. Pídalles que lean cada un dos textos que acompañan as viñetas para poder numerar por orde cada unha delas. Dígalles que se fixen nos marcadores temporais que aparecen destacados ao comezo de cada texto. Antes de facer unha posta en común, permita que os seus alumnos e alumnas comparen as súas numeracións.

### Solución

(De arriba a abaixo)  
3, 5, 2, 1, 4, 6.

**B.** Pídalles agora que formen parellas e que escriban un final para a historia entre Rosa e Alexandre. Durante a fase de escritura, préstelles a axuda que necesiten tanto no que respecta ao vocabulario como ao emprego dos tempos do pasado. Pasados uns minutos, anime a cada parella a ler o seu final. Cal é o máis feliz? E o máis triste?

### E DESPOIS

Pode suxerir como deberes que cada un escriba unha historia de amor (real ou inventada, propia ou de alguén que coñezan): como se coñeceron, cando comezaron a saír, se houbo algún problema na relación...

## 7. TODA UNHA VIDA

**Escoitar unha entrevista radiofónica e completar un cadro con información sobre a persoa entrevistada. Falar de lugares importantes na vida de cada un.**

### ANTES DE EMPEZAR

Pregúntelles aos seus estudantes se entenden o dobre sentido do título desta actividade. De ser preciso, aclárese vostede: por un lado, **toda unha vida** fai referencia ao tempo no que se desenvolve a vida dunha persoa, pero, por outro, a estrutura **todo/a** + artigo indeterminado + substantivo

serve para intensificar, normalmente algo positivo: **É todo un cabaleiro, Está feita toda unha muller...**

### PROCEDEMENTOS

**A.** Informe os seus estudantes de que van escoitar unha entrevista a unha empresaria hoteleira chamada Mercedes Ribeiro e pídalles que tomen nota no cadro do que fixo nos diferentes lugares nos que viviu. Se o considera necesario, pase a gravación dúas veces. Para realizar a posta en común, pode remitir os seus alumnos e alumnas á transcripción (páxina 159).

### Solución

- 1. Mallorca: traballou de camareira e nunha tenda de roupa. Un fotógrafo da revista Vogue fíxolle unhas fotos e chamárona dunha axencia de fotografías.*
- 2. París: traballou para as mellores casas de moda. Traballou moito e gañou moitos cartos. Coñeceu a moita xente interesante. Namorouse de Paco Calao.*
- 3. A India: fíxose budista, aprendeu moitas cousas da cultura hindú, quedou sen cartos e separouse de Paco Calao.*
- 4. Londres: abriu un restaurante, coñeceu a moitos famosos.*
- 5. Eivisa: mercou unha casa antiga e montou o seu primeiro hotel.*

**B.** Pregúntelles aos seus estudantes se eles, coma Mercedes, tamén viviron en máis dunha cidade. A seguir, pídalles que formen parellas e que comenten cales consideran os tres lugares máis importantes das súas vidas: que lugares son, que viviron alí, cando... Se vostede traballa con alumnos e alumnas que nunca viviron en máis dun lugar, aclare se é preciso que non se trata só de dicir cidades ou vilas: poden ser lugares diferentes dentro da mesma cidade (unha rúa, un restaurante...).

## 8. RAMÓN SAMPEDRO

**Ler unha serie de datos sobre Sampedro e marcar os que son verdade. Comprobar mediante a lectura da biografía de Sampedro.**

### OBSERVACIÓNS PREVIAS

A través desta actividade, os seus alumnos e alumnas achegáranse á figura de Ramón Sampedro e contarán cun segundo modelo de biografía (necesario para a actividade 9).

### ANTES DE EMPEZAR

Mostre a fotografía que acompaña a biografía de Ramón Sampedro e pregúntelles aos seus estudantes se o coñecen. É posible que a moitos deles lles soe a imaxe de Javier Bardem, caracterizado como Sampedro no filme *Mar adentro*, de Alejandro Amenábar.

### PROCEDEMENTOS

**A.** Divida a clase en parellas. A seguir, pídalles que lean os datos subministrados sobre Ramón Sampedro e que marquen os que pensen que son certos.

**B.** A continuación, faga que comprobren as súas hipóteses lendo a biografía proporcionada.

**Solución**

*Naceu nos anos 40 en Ribeira, A Coruña.*

*Foi mariñeiro e poeta.*

*Comezou un procedemento legal para poder morrer con dignidade e sen culpar a ninguén.*

*Morreu en 1998.*

*Quedou tetraplético por un accidente na praia.*

**E DESPOIS**

En función das características do seu grupo, considere a posibilidade de fomentar un debate sobre a loita de Sampedro por conseguir acabar coa súa vida. Suxíralles tamén buscar información adicional sobre a figura de Sampedro para expoñer nunha sesión posterior.

## 9. A TÚA BIOGRAFÍA

**Escribir a propia biografía e presentarlle ao resto da clase.**

**OBSERVACIÓNS PREVIAS**

A parte lúdica da actividade consiste en que os seus alumnos e alumnas sitúan o presente 20 anos a partir da data na que se atopen e que inventen os acontecementos das súas vidas ata ese momento. En función da idade dos seus estudantes, recomendámoslle que varíe a cifra de anos.

**ANTES DE EMPEZAR**

Dígalles aos seus estudantes: **Imaxínade que estamos no ano 2030** (por exemplo). **O mundo é moi diferente ao de agora?** Dea vostede un exemplo das producións que espera: **Os coches funcionan con enerxía solar.** Escoite as súas respostas e, por último, pregunte en referencia ao ano que están a imaxinar: **Cantos anos tendes?**

**PROCEDEMENTOS**

**A.** Situados no mesmo contexto temporal anterior, pregúntelles: **Como foi a vosa vida? Que cousas fixestes?** Anímeos a escribir a súa biografía coas cousas reais que xa lles pasaron e coas que imaxinan que lles pasarán ata o ano que marcaron antes. Pode remitilos ao exemplo do libro para que o tomen como modelo.

**B.** Propóñalles ler as súas biografías ante o resto da clase para decidir quen tivo a vida máis interesante.



## 10. CINEMA EN SERIE

**Ler o argumento de cinco series de televisión galegas e relacionalas cuns temas. Falar das series dos seus países. Crear o argumento para unha serie.**

**OBSERVACIÓNS PREVIAS**

Realice o punto C desta actividade soamente se vostede lles imparte clase a estudantes non galegos, xa que se pregunta polas series de televisión dos seus países.

**ANTES DE EMPEZAR**

Pregúntelles aos seus estudantes se miran moito a televisión e interétese por saber que tipo de contidos lles gustan. Axúdeos co vocabulario e asegúrese de que aparecen as series.

A seguir, anuncie que nesta actividade coñecerán cinco series galegas. Chame a atención dos seus estudantes sobre os nomes e as fotografías de cada unha delas e anímeos a facer hipóteses en parellas sobre os seus argumentos.

Déalles uns minutos e faga unha posta en común para ver que se lle ocorreu a cada parella. No punto A da actividade poderán comprobar as súas hipóteses.

**PROCEDEMENTOS**

**A.** Pídalles que lean os argumentos proporcionados e que asocien cada un deles coa serie correspondente. Axúdeos co vocabulario no caso de que houbese dúbidas.

**Solución**

A 4, B 3  
C 1, D 2

**B.** A continuación, dígalles que asocien cada serie co termo do cadro que lles pareza máis adecuado, segundos e sobremesas. Escriba os nomes dos pratos seleccionados no encerado a modo de carta de restaurante.

**Solución**

*Comedia:* Pratos combinados, Mareas vivas

*Intriga:* Rías Baixas

*Costumista:* Libro de familia, Mareas vivas

*Histórica:* Libro de familia

**C.** Interétese se no país ou países dos seus estudantes existe algunha serie similar ás que acaban de ver. Anímeos a comentalo con toda a clase.

**D.** Propóñalles que, en parellas ou en grupos de tres, creen as personaxes e o argumento dunha serie de televisión. Dígalles que non se teñen que estender moito: poden dar unha idea xeral do argumento e trazos dalgunhas personaxes.